

RESOLUCIÓN DE ADXUDICACIÓN DUNHA PRAZA DE PERSOAL LABORAL CON CÁRACTER INTERINO NA FUNDACIÓN GALICIA EUROPA

Unha vez rematado o proceso selectivo para a incorporación a Fundación Galicia Europa dunha praza de persoal laboral de carácter interino e verificada a concorrencia dos requisitos exixidos nas bases da convocatoria de acordo cos artigos 4 e 10, o director da Fundación Galicia Europa,

RESOLVE

Primeiro. Adxudicar a praza de persoal laboral de carácter interino na Fundación Galicia Europa a **Carolina González Domínguez (****593J)** ao obter a máxima puntuación no proceso selectivo convocado mediante anuncio da Fundación Galicia Europa no DOG núm. 75 do 18 de abril de 2018.

Segundo. Convocar á persoa adxudicataria para incorporarse ao sou posto de traballo na oficina da Fundación Galicia Europa en Bruxelas na Rue de la Loi / Wetstraat 38 - 2º, bte. 2 no prazo **dun mes** contado a partir do seguinte ao da recepción desta resolución, salvo nos casos de forza maior debidamente xustificadas sempre e cando se formalicen os requisitos administrativos esixidos pola lexislación española para proceder ao rexistro do contrato e aseguramento social; **de non se efectuar, entenderase como renuncia tácita ao seu posto de traballo.**

Terceiro. Contra esta resolución poderase interpoñer recurso de alzada ante a vicepresidencia da Fundación Galicia Europa nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Santiago de Compostela, 12 de decembro de 2018

O director da Fundación Galicia Europa

Jesús Gamallo Aller